

TEMA 12 O MEDIO FÍSICO GALEGO

PRESENTACIÓN MEDIO FÍSICO GALEGO:

<http://www.slideshare.net/patrimonionortesur/geografia-de-galicia>

Galicia sitúase no extremo noroeste da Península Ibérica, que está situada á súa vez no extremo occidental do continente europeo, limitando co Mar Cantábrico ao norte, con Portugal ao sur, coas comunidades autónomas de Asturias e Castela e León ao leste e co Océano Atlántico ao oeste. A superficie total é de 29.574 km², cunha altitude media arredor dos 500m, sendo o pico de Pena Trevinca, con 2095 m. a maior altura de Galicia. O relevo galego é fracturado, descendendo coma en gradas dende as maiores alturas que se atopan na zona oriental ata o mar (con 1.500 km. de costa).

Podemos dividílo en grandes unidades:

12. 1 AS SERRAS

As serras galegas forman o Macizo Galaico, un sistema montañoso onde predomina o granito e a pizarra, no que podemos distinguir tres grupos diferentes entre sí, de maior a menor altura:

- Serras Orientais:

son as de maior altura, atópanse no leste/surlleste e forman un conxunto de serras onde se atopan os picos máis altos Galicia, entre os 1500m. ata máis de 2000 m. Neste grupo destacan Os Ancares (Penarrubia, 1826 m.), O Courel (Piapáxaro, 1621 m.), Serra do Eixe (Pena Trevinca, 2.124 m.) e Serra de Queixa (Cabeza de Manzaneda, 1778 m.)

- Dorsal Galega

Atravesa Galicia polo centro, de norte a sur. Os seus cumios teñen unha altitude entre os 800-1200m. Serve de fronteira natural en boa parte do seu percorrido para dividir as provincias occidentais (A Coruña e Pontevedra) das orientais (Lugo e Ourense): as máis salientables son a Serra da Loba, Cova da Serpe, Serra do Faro e Serra do Suido (1.061)

- Serras Setentrionais e litorais:

Serras situadas perto do mar e teñen unha altitude media entre os 600 e 1100 m. As Setentrionais están próximas ao Mar Cantábrico, no extremo norte da península (cabos de Ortegal e Estaca de Bares) e pertencen a este grupo as Serras do Xistral, A Capelada e A Faladoira

As litorais son pequenas serras que están próximas ao Océano Atlántico, formando parte das penínsulas entre as rías. Inclúense neste grupo a Serra do Morrazo e do Barbanza

PRESENTACIÓN SERRAS:

<http://www.authorstream.com/Presentation/Biblioiris-563161-galicia-medio-f-sico-ii/>

12. 2 AS CHAIRAS

Encaixadas entre as alineacións de serras atopamos unha serie de vales fluviais, depresións e mesetas que forman as terras chairas , extensións que se caracterizan por ter poucos desniveis e un relevo moi suave.

- Na zona oriental, entre as Serras Orientais e a Dorsal Galega temos a mais grande extensión chaira de Galicia, a da meseta de Lugo, coñecida coma Terra Chá , no sur da provincia de Lugo temos as depresións de Monforte e Chantada, e na provincia de Ourense a Limia e Monterrei
- Na zona occidental, atopámonos ca chamada Fosa Meridiana , unha gran depresión que recorre o espazo entre a Dorsal Galega e o mar dende Carballo ata Tui con poucas interrupcións, por onde discurren as principais vías de comunicación entre o norte e o sur de Galicia.
- Os vales fluviais son moi abundantes pola gran cantidade de ríos que se multiplican polo noso territorio, aínda que o espazo á beira non é en xeral demasiado ancho si que é moi propicio para a agricultura, de ahí que sexan zonas con abundantes núcleos de poboación. Algúns dos máis importantes son os do Miño, Sil, Ulla e Tambre.

12. 3 A COSTA

Galicia ten arredor dos 1.500 km de costa moi variada, con gran cantidade de praias, cantís e sobretodo de de entrantes e saíntes que forman un dos elementos máis característicos e coñecidos da paisaxe galega: As rías. Na súa orixen eran vales fluviais que foron asulagados polo mar. Podemos distinguir tres grupos, de norte a sur:

- Rías Altas:

Van dende o Eo (límite con Asturias) ata o Cabo Prior (Ferrol), son as de menor tamaño(curtas e estreitas) cun relevo moi abrupto pola proximidade á costa das Serras Setentrionais. Son as de Ribadeo, Viveiro e Ortigueira.

VIDEO RÍAS ALTAS

<http://www.youtube.com/watch?v=YT wzMDyEheo>

- Rías Medias:

Entre o Cabo Prior e Fisterra, teñen un relevo menos abrupto e maior amplitude. Entre elas, as máis importantes son as de Cedeira, Ferrol, Betanzos, A Coruña e Camariñas.

- Rías Baixas

Dende Fisterra ata a desembocadura do Miño, forman os maiores entrantes e de máis extensión, son as de Muros e Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.

VIDEO RIAS BAIXAS:

http://www.youtube.com/watch?v=HUf1po0if_8&feature=fvwrel

12. 4 OS RÍOS

Debido ás características do relevo galego e á abundancia das precipitacións, Galicia é unha terra chea de cursos de auga. Son ríos moi caudalosos, de réximen regular e curtos, que xeralmente teñen que atravesar un gran desnivel pola cercanía das nosas serras ao mar. Podemos distinguir entre os que desembocan no Cantábrico e no Atlántico:

- Vertente cantábrica

Son máis curtos e teñen que salvar maiores desniveis, xa que as serras setentrionais (Capelada, Faladoira, etc...) están moi perto do mar. Destacan os ríos Eo, Masma, Landro ou Sor.

- Vertente atlántica

Son máis longos e de menos pendente, xa que gran parte deles nacen nas serras da Dorsal Galega. Os máis salientables son Eume, Xallas, Tambre, Ulla e Umia. A esta vertente pertence tamén o máis longo de Galicia, o Río Miño, con 340 Km. de lonxitude. Xunto co seu principal afluente o río Sil percorren boa parte do noso territorio dende Meira (no norte da provincia de Lugo, río Miño) e a vertente sur da Cordilleira Cantábrica (norte da provincia de León, río Sil) ata a súa desembocadura no Océano Atlántico á altura de A Garda (Pontevedra), onde serve de fronteira con Portugal.

PAXINA WEB RÍOS GALEGOS

<http://www.rios-galegos.com/vidario0.htm>

CUESTIÓNS:

1ª) Donde se situa Galicia e cales son os seus límites?

2ª) Como son as serras galegas?

3ª) Que tres grupos diferentes atopamos nas serras galegas? Explica as de maior altura

4ª) Que son y como son as chairas?

5º) Cita 5 chairas e dí en que provincia están

6ª)Como son os vales fluviaais galegos?

7ª) Explica como son as costas galegas

8ª) Como podemos agrupar as rías galegas? Explica o grupo de rías entre O río Eo e Cabo Prior

9ª) Por que o ríos galegos son caudaloso e curtos?

10ª) .Como son os ríos da vertente cantábrica

11ª). Cales son os dous ríos máis importantes de Galicia y a que vertente pertencen?

12ª). Completa o cadro.

SERRA	PICO	ALTITUDE
OS ANCARES		1.826
	MONTE DO FARO	
		1.621
SERRA DO SUÍDO		
		2.214
	CABEZA DE MANZANEDA	

